




A CARTA DA DEGRADACIÓN



Vigo 12 de maio de 2009

O longo destas últimas semanas, a empresa comezou a executar o Acordo de Xestión e Evolución de Competencias do Persoal Horario (mobilidade funcional).

Os primeiros "afortunados" que cobrarán unha compensación económica, (se colaboran),- son compañeiros que en gran maioría teñen unha dilatada traxectoria profesional, ós cales o RPH correspondente, fíxolles entrega dunha carta na que se lle notifica a súa nova situación. Cada vez que a lean, recordarán como despois de TRES DÉCADAS desenvolvendo unha labor profesional, *alguén* permitiu que en dous días a empresa acadara o que levaba perseguindo dende hai tempo, despoxalos do título, oficio e a desprofesionalización. Tamén poderán ensinarlla ós seus netos e explicarlles que se ben na vida hai que estudar e formarse, a veces este sacrificio, que diariamente hai que realizar no traballo, pode verse truncado cando na política da empresa decídese non ter en conta este principal valor como é a traxectoria profesional, e premiar competencias como (Suxerencias.. .Círculos. .etc.)

Agora, lamentablemente, os feitos están dando a razón ós que defendemos criterios obxectivos, ó observar como a empresa está utilizando esta tan ansiada ferramenta de flexibilidade para incluso forzalos a tomar unha decisión desesperada... ou sexa, "invitalos" a pasar a unha situación de xubilación anticipada, por que incluso a Dirección ten bloqueada a xubilación parcial.

CIG e CC.OO. ven neste tipo de actuacións unha inmoralidade de al que reiteremos respecto, sobre todo para con aqueles que levan toda a vida desenvolvendo o seu traballo con demostrada valía.

Por último CC.OO. e C.I.G. infórmanvos que tal e como se decidira na Asemblea, vimos de constituir a Comisión de Seguimento que estará composta polos compañeiros:

Miguel Dapía Alonso (CIG) telefono 5833

Roberto Alonso Vázquez (CC.00) Teléfono 5962

Así mesmo dicirvos, que, no que respecta ás medidas propostas nesa Asemblea, os Servizos Xurídicos de CC.00 e C.I.G. traballan conxuntamente co ánimo de dar solucións a esta situación, e que, por outra banda, poremos en coñecemento das Escolas Técnicas o que sucede cos profesionais, para que os estudantes de hoxe teñan claro o futuro que lles espera nestes centros.

C.I.G.

CCOO.